



Galicia

**LOITA polo TEU**

**ÚNETE**

## COMO SE REGULA O EXERCICIO DE DEREITO AO VOTO E A PARTICIPACIÓN DOS TRABALLADORES NAS ELECCIÓNS DO 28 DE ABRIL

### NON TERÁN DEREITO A PERMISO RETRIBUIDO

As/os traballadoras/es con horario de traballo que **NON** coincida co de apertura das mesas electorais, ou que o faga por un periodo inferior a dúas horas

### PERMISO PARA ACUDIR A VOTAR

Os/as traballadores/as que traballen ese domingo teñen dereito como electores, a dispoñer ese día dun permiso retribuído para poder votar. A súa duración depende da maior ou menor coincidencia do seu horario de traballo co de apertura dos colexios electorais (que é de 9 da mañá a 8 da tarde). Cada comunidade autónoma decide a duración destes permisos, como orientación adoita ser esta:

Coincidencia do horario do traballador co do colexio electoral	Duración do Permiso
Non coincide (ou menos de dúas horas)	Sen permiso
Entre 2 e 4 horas	2 horas
Entre 4 e 6 horas	3 horas
Máis de 6 horas	4 horas

A empresa pode solicitar aos seus traballadores que xustifiquen que empregaron ese tempo para ir votar. Para iso, o traballador deberá achegar o xustificante correspondente (modelo oficial asinado polo presidente da mesa).

**Permiso por ser designado presidente ou vogal dunha mesa electoral.** Se para o traballador a xornada de votación é laborable, a empresa ten que concederlle un permiso retribuído, previo aviso e xustificación. Traballen ou non o domingo, os traballadores que sexan presidentes ou vogais teñen dereito a unha redución de cinco horas na xornada do luns 29 de abril.

Se o traballador ten quenda de noite e traballa a noite do sábado ao domingo, a quenda que comeza o sábado considérase xornada laboral do día electoral, polo que non traballaría esa noite. Ademais, se o traballador elixido vogal ou presidente traballa a noite anterior á da xornada electoral e solicita cambio de quenda, é obrigatorio concederllo. Ademais, se o empregado ten que traballar na quenda de noite inmediatamente posterior á xornada electoral, ten dereito a que se lle reduza este cinco horas.

**Permiso por ser designado interventor ou apoderado.** O traballador que fose designado interventor ten os mesmos permisos que o presidente e os vogais. En canto ao apoderado, só ten dereito ao permiso retribuído correspondente ao día das eleccións. Nin o interventor nin o apoderado teñen dereito a percibir dietas, a diferenza do que sucede cos membros das mesas electorais.

**Permiso por ser designado suplente.** O traballador designado suplente ten obrigación de presentarse no colexio electoral ás 8 da mañá, para o que a súa empresa deberá darlle o correspondente permiso retribuído se ese domingo traballa. Se fallase algún titular e debe substituírle, o traballador terá entón dereito aos permisos correspondentes. Se, pola contra, non é necesaria a súa presenza, poderá acudir ao traballo con normalidade a partir dese momento. Como orientación, hai que ter en conta que a mesa debe estar formada ás 8.30 horas da mañá, polo que o traballador, a esa hora, xa coñecerá se debe substituír á persoa ausente ou pode acudir ao seu traballo.





## A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PRESENTA A PUBLICACIÓN “MEMORIA DA GUERRA CIVIL EN GALICIA. O CASO DE PONTEVEDRA”

**Redacción.-** No marco da conmemoración do 88º aniversario da proclamación da II República, o 14 de abril de 1931, a Fundación Luís Tilve presentou, o sábado 13 de abril, a súa publicación: “Memoria da Guerra Civil en Galicia. O caso de Pontevedra”. Para elo, escolleu o paraninfo do histórico instituto Valle-Inclán de Pontevedra, no que eran mestres Paulo Novás e Gonzalo Martín March, que serían fusilados tralo Golpe de Estado. É precisamente diso fala a autora, Marie-Pierre Bossan, profesora titular de lingua e civilización contemporánea española na Universidade de Grenoble (Francia), no libro, dos habitantes de Pontevedra e de como estes viviron aqueles fatídicos días de 1936, a través da memoria dos seus protagonistas.

O acto, que se iniciou coa lectura do poema “Pontevedra”, de Méndez Ferrín, foi presentado polo secretario da Fundación, Roxelio Pérez Poza, que expuxo as dificultades atopadas para a publicación desta obra, que finalmente puido ver a luz grazas á colaboración da Deputación de Pontevedra, e contextualizou aquel momento no que “mentres a República supuxo un período de esperanza en ámbitos como o educativo e de liberdade política, o golpe de Estado de 1936 iniciou un período de terror incomprensible, atentando contra persoas absolutamente pacíficas que predicaban a concordia e a cultura en Pontevedra”.

A obra supón unha nova contribución ó estudo da historia da Guerra Civil en Galicia, froito do interese da súa autora pola historia oral e o seu compromiso nos anos

90, “estas testemuñas eran as últimas que viviran eses acontecemento e eran moi maiores, había que recoller os seus testemuños nese momento ou xa non se poderían recoller”. Estas testemuñas darían lugar a unha tese doutoral en 1998 que se publica agora por primeira vez en España e en galego, mantendo toda a súa actualidade e a súa necesidade, xa que a maioría dos entrevistados, cuxas voces seguiron silenciadas ata agora, xa faleceron. Vivencias que enmarcan a relación que estas persoas tiveron co pasado e que por fin teñen o seu lugar na historia, pois, como dixo Marie-Pierre, “a memoria hoxe é responsabilidade de todos”, sobre todo agora que vivimos “unha época olvidadiza”. “A represión fora tan brutal, tanto o terror e el odio, que, 60 anos despois, aínda podía detectarse ese medo, que se convertira noutra forma de represión”.

Ese medo “foi o que condicionou o silencio con matices da Transición, con esa Lei de Amnistía que o atapou todo. A actual lei da Memoria está ben, pero hai que preguntarse de que serve cando segue habendo miles de mortos en fosas comúns. Quérese poñer a palabra reconciliación por encima da palabra verdade e iso é imposible. Non pode haber reconciliación se antes



non hai verdade, se non se conta o que pasou”.

En nome das moitas familias de represaliados que asistiron ó acto, falou María Adrio Taracido, filla dun dos entrevistados, Gonzalo Adrio, quen insistiu en que os familiares das vítimas “non queremos vinganza, pero si dignidade”.

Pechou o acto a intervención do deputado provincial de Economía, Carlos López Font, que agradeceu o traballo realizado pola Fundación e manifestou a necesidade de colaborar dende as institucións coas entidades na recuperación da historia, para que esta non se esqueza e máis en momentos como o actual, nos que hai quen proclama de novo armar á cidadanía. “Libros como este serven para reafirmarnos no noso espírito democrático”.

## OS TRABALLADORES DE GRI TOWERS MANIFÉSTANSE NO CARBALLIÑO PARA DEMANDAR CONDICIÓNS LABORAIS DIGNAS

**Redacción.-** Os traballadores de Gri Towers protagonizaron este martes, coincidindo cunha nova xornada de folga, unha manifestación polas rúas do Carballiño, localidade onde está emprazada esta empresa adicada á fabricación de torres eólicas, para denunciar os reiterados incumprimentos dos acordos acadados na mesa de negociación; dificultade na normalización da negociación colectiva en materias de obrigada negociación como a xornada de traballo, a organización da produción, a carga de traballo ou as retribucións salariais; e tamén demandaron a paralización inmediata da deriva externa da produción propia a outras factorías.



Lembrar que a esta mobilización xa lle anteceden dúas xornadas de folga máis e hai convocadas outras os días 23, 25 e 30 deste mes.

Dende FICA insístease na importancia desta empresa tanto para o Concello do Carballiño como para a comarca.

## UGT URXE Á UE QUE LIMITE A ENTRADA DE FONDOS VOITRE EN SERVIZOS SOCIAIS BÁSICOS

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadores reclama a necesidade de que a Unión Europea limite a entrada de fondos voitre nos servizos sociais básicos. Fondos caracterizados por comprar débeda soberana ou empresas con dificultades económicas para logo presionar e cobrar a totalidade desa débeda, máis os intereses, sen negociar quitas ou reestruturacións.

Fondos que teñen grandes beneficios, xeran escaso emprego e son de pouco valor engadido, ademais de que non tributan no noso país, xa que teñen a súa sede en terceiros países ou en paraísos fiscais, dificultando con iso o control financeiro e xudicial dos mesmos, e os que tributan fano ao 1%.

No noso país entraron a través de Socimis en sectores sociais que afectan a dereitos básicos das persoas como a vivenda, a saúde ou os servizos sociais. A vivenda foi desposuída do seu valor de uso para ser unha mercadoría de especulación e ganancia. Produciuse unha venda masiva de vivendas sociais a estes fondos nalgunhas comunidades autónomas, ou a compra ma-

siva das grandes carteiras de vivendas en mans dos bancos, convertendo ás entidades financeiras nas maiores inmobiliarias privadas deste país, influíndo no mercado do aluguer.

Esta especulación produciu que só no ano 2018 perdesen os seus fogares 56.230 familias, un 4,5% máis que o ano anterior; e que os prezos da vivenda crecesen un 26% e os do aluguer un 30% entre 2014 e 2018, cando os salarios subiron neste período só un 2,1%.

Por iso, UGT reclama á Unión Europea a implementación de reformas encamiñadas a combater estas prácticas especulativas que atentan directamente á economía, saúde e benestar dos cidadáns. Reformas como as implementadas en Bélxica, Francia ou Reino Unido, que limitan o cobro da débeda cando o acreedor persiga unha vantaxe ilexítima; ou que sexan os tribunais dos diferentes países onde radican os inmo- bles, ou as empresas onde se emitiu esa débeda, os que dirixan os litixios en lugar de ter que presentar as demandas en legisla- cións máis permisivas con estes fondos.

### Unha lexislación a favor dunha vivenda digna en España

No noso país, o sindicato demanda a necesidade de incorporar ao noso ordenamento o dereito a unha vivenda digna, adecuada e accesible como un auténtico dereito subxectivo, para podelo invocar ante as Administracións Públicas e exercer, se procede, ante os tribunais de xustiza.

E a estas Administracións, UGT esíxelle maiores investimentos en Parques de Vivenda Pública, ata alcanzar o 1,5% do PIB, que dea solucións habitacionais ás miles de familias que demandan unha vivenda a prezos alcanzables.

Para o sindicato, é o momento de que os partidos políticos incorporen o dereito a unha vivenda digna nos seus programas para as eleccións xerais do próximo 28 de abril, ademais das locais, municipais e europeas que se celebran nos próximos meses. Un dereito tan básico como unha vivenda adecuada e accesible debe garantirse por lei canto antes.

## UGT PARTICIPA NA EUROMANIFESTACIÓN DO 26 DE ABRIL

**Redacción.-** Unha delegación de UGT, encabezada polo seu secretario xeral, Pepe Álvarez, participará na euromanifestación que se celebrará o día 26 de abril, en Bruxelas, baixo o lema: "Marcha por unha Europa máis xusta para os e as traballadoras". Esta mobilización comezará ás 10.30 horas e transcorrerá desde a Place du Luxembourg ata a Avenue d'Auderghem, onde intervirán os líderes sindicais europeos.

A euromanifestación foi convocada

pola Confederación Europea de Sindicatos (CES), a proposta de UGT e outras organizacións afiliadas, e celébrase antes das eleccións ao Parlamento Europeo e da celebración do próximo Congreso da CES, ambos os acontecementos terán lugar a finais de maio. Na mobilización reclamárase unha

Europa que pense nos traballadores e políticas que faciliten transicións máis xustas, empregos de calidade, salarios máis altos e máis democracia e xustiza social.



## UGT COLABORA NA ESTREA DA PELÍCULA "TERRA WILLY: PLANETA DESCOÑECIDO"

**Redacción.-** UGT colabora na estrea da película "Terra Willy: planeta descoñecido" que se estrea en cinemas o venres 26 de abril. Unha película que enalza valores como a amizade, o esforzo, a autoestima, a valentía, o traballo en equipo e o respecto á natureza e o medio ambiente, ensinos fundamentais na formación dos máis pequenos e que son clave para a convivencia social e democrática. #TerraWilly é unha divertida proposta de cinema familiar, especialmente recomendada para a infancia polo Ministerio de Cultura e o Instituto da Cinematografía e as Artes Audiovisuais.

